



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O QUINCE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (7/2026)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás dezanove horas, do día quince de maio de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros/as do PP: D.^a M.^a Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Grueiro Filgueiras e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada. Como queda dito, non asiste D. Andrés Feal Varela.

Actúa como Secretaria Ana Ramos Ramos

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 17 de abril de 2026
2. Dar conta da resolución da Alcaldía núm. 150/2026 relativa a liquidación do orzamento 2025
3. Dar conta do Informe da Secretaría -Intervención sobre o período medio de pagamento a provedores do 1º trimestre de 2026
4. Dar conta do informe da Secretaría-Intervención sobre as obrigas trimestrais de subministración de información, execución orzamentaria e avance da liquidación correspondente ao 1º trimestre de 2026
5. Creación, composición e réxime de sesións da comisión informativa especial de obras e mantemento.
6. Aprobación da Declaración Institucional da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) relativa ao día das Letras Galegas 17 de maio de 2026
7. Moción do Grupo Municipal do Partido Popular de Monfero para o incremento da subvención municipal ao Fútbol Club Monfero
8. Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía do mes de abril de 2026
9. Asuntos urxentes
10. Rogos e preguntas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 17 DE ABRIL DE 2026

O Sr. Alcalde en funcións indica se algún dos presentes ten algunha obxección sobre o borrador da acta que se somete a votación. Sen intervencións. O Sr. Alcalde en funcións indica que a vai someter a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor da aprobación todos os asistentes. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que a acta da sesión do día 17 de abril de 2026 é aprobada por UNANIMIDADE dos presentes.

2. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 150/2026 RELATIVA A LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2025

A resolución da Alcaldía núm. 150/2026 á que se refire este punto da orde do día constan asinados dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/X999/000016, enviáronse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbense textualmente a continuación:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2025

EXPEDIENTE: 2026/G003/000157

ANTECEDENTES:

Logo de ver o expediente tramitado para a aprobación da liquidación do orzamento do exercicio de 2025 e os informes de Secretaría, de Intervención e de avaliación do cumprimento das regras fiscais emitidos polo Sr. Secretario-Interventor do Concello que constan asinados dixitalmente no expediente electrónico de TEDEC 2026/X999/000007, considero que, nas operacións de peche e liquidación do orzamento municipal do exercicio de 2025, observáronse as prescricións legais contidas no art. 191 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e os artigos 89 a 105 do Real decreto 500/1990, que desenvolve a lei anterior.

No uso das atribucións que me confire o art. 191.3, parágrafo segundo, do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o art. 90.1 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, **RESOLVO:**

1º.- Aprobar a Liquidación do Orzamento Municipal do exercicio de 2025, que ofrece un resultado orzamentario axustado positivo de 224.684,94 euros e un remanente inicial da tesourería para gastos xerais (RTGX) que ascende á cantidade de 590.583,30 euros, presentando superávit por importe de 387.259,4 euros.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Todo isto conforme aos seguintes resumos:

Resultado orzamentario positivo liquidación 2025	
1. Dereitos recoñecidos netos	3.274.529,12
2. Obrigas recoñecidas netas	3.103.811,32
Resultado orzamentario (1-2)	170.717,80
3. Créditos gastados financiados con RTGX (suman)	232.564,74
5. Desviacións de financiamento negativas do exercicio (suman)	256.296,76
4. Desviacións de financiamento positivas do exercicio (restan)	434.894,36
Resultado orzamentario axustado positivo (1 - 2 + 3 + 4 - 5)	224.684,94

Remanente de tesourería liquidación 2025			
1	Fondos líquidos na tesourería na fin do exercicio		936.013,64
2	Dereitos pendentes de cobro na fin do exercicio		14.209,90
	Do orzamento corrente	7.941,24	
	Dos orzamentos pechados	4.407,89	
	Das operacións non orzamentarias	1.860,77	
3	Obrigas pendentes de pagamento na fin do exercicio		57.296,93
	Do orzamento corrente	16.416,82	
	Dos orzamentos pechados	500,00	
	Das operacións non orzamentarias	40.38,11	
4	Partidas pendentes de aplicación		6.711,8
	Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva (-)	9.760,00	
	Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva (+)	16.471,08	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

I	Remanente da tesourería total		899.637,69
II	Saldos de dubidoso cobro		3.681,41
III	Exceso de financiamento afectado		305.372,98
IV	Remanente da tesourería para gastos xerais		590.583,30

LIQUIDACIÓN 2025	
CÁLCULO DA CAPACIDADE /NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	
CONCEPTOS	IMPORTES
a) Dereitos recoñecidos capítulos I a VII do orzamento corrente	3.274,529,12
b) Obrigas recoñecidas nos cap. I a VII do orzamento corrente	2.969,507,56
DIFERENZA (a – b)	134.303,76
AXUSTES	
1) Axustes recadación capítulo 1	
2) Axustes recadación capítulo 2	-4.402,99
3) Axustes recadación capítulo 3	-83,60
4) Axuste por liquidación PIE-2020	
5) Axuste por devindicación de intereses	
6) Axuste por arrendamento financeiro	
7) Axuste por gastos pendentes de aplicar ao orzamento	86.724,07

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

8) Axuste por devolución de ingresos pendentes de imputar ao orzamento	
9) Outros	
c) TOTAL AXUSTES DA LIQUIDACIÓN	82.237,48
d) Axuste por operacións internas	
e) TOTAL CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO OU SUPERÁVIT	387.259,04
(a-b+c)	

Diferenza entre o gasto computable na Liquidación do 2025 e na do 2024:

REGRA DO GASTO	
Gasto computable Liquidación orzamento 2025	
1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros	2,968,558,06
2. Axustes SEC	-86.724,07
3. Total empregos non financeiros termos SEC, agás intereses débeda (1 +/- 2)	2.882.783,49
4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-)	0,00
5. Gasto financiado con fondos finalistas (-)	1.613.224,90
6. Gasto computable Liquidación orzamento 2025 (3-4-5)	1.269.558,59
7. Gasto en investimentos financeiramente sostible excluído do computable	
8. Total Gasto líquido computable Liquidación orzamento 2025 (3-4-5-7)	1.269.558,59

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Gasto computable Liquidación orzamento 2024	
1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros	2.902.437,3 4
2. Axustes SEC	34.581,77
3. Total empregos non financeiros termos SEC, agás intereses débeda (1 +/- 2)	2.937.019,1 1
4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-)	0,00
5. Gasto financiado con fondos finalistas (-)	1.703.211,6 7
6. Gasto computable Liquidación orzamento 2024 (3-4-5)	1.233.807,4 4
7. Gasto en investimentos financeiramente sostible excluído do computable	
8. Total Gasto líquido computable Liquidación orzamento 2024 (3-4-5-7)	1.233.807,4 4

2º.- Dar conta desta resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

3º.- Remitir copia de devandita Liquidación á Delegación de Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Decreto asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións do que eu, Ana Ramos Ramos, como Secretaria Xeral, dou fe. (Asinado, por esta última, aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo

A Secretaria por acumulación
Ana Ramos Ramos

Os membros presentes TOMAN RAZÓN.

3. DAR CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA -INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES DO 1º TRIMESTRE DE 2026

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Sr. Alcalde le o título deste punto da orde do día. Non se producen intervencións. O informe da Secretaría-Intervención á que se refire este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN RELATIVO AO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2026

Ana Ramos Ramos, Secretaria-Inteventora por acumulación do Concello de Monfero,

INFORMA

Que con data de 09 de abril 2026 se comunicaron os datos relativos ao PERÍODO MEDIO DE PAGO GLOBAL do primeiro trimestre do exercicio 2026, de conformidade ao artigo 4.1 b) da Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financieira e de conformidade ao establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, pola que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos do réximes de financiamento, previsto na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financieira, segundo os datos obtidos da contabilidade municipal e Rexistro de facturas do programa Sicalwin, que agás erro ou omisión involuntaria, indícanse deseguido:

PMP TRIMESTRAL

RATIO OPERACIÓNS PAGADAS	IMPORTE DE PAGOS REALIZADOS	RATIO DE OPERACIÓNS PENDENTES DE PAGO	IMPORTE DE PAGOS PENDIENTES	PERÍODO MEDIO DE PAGO TRIMESTRAL
28,45	277.806,23	12,93	11.662,37	27,82

Infórmase de que o período medio de pagamento trimestral desta entidade correspondente ao 1º trimestre 2026 non supera o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pagamento a provedores, que actualmente é de 30 días,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A Secretaria-Interventora por acumulación DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE”

Os membros presentes TOMAN RAZÓN.

4. DAR CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE AS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN, EXECUCIÓN ORZAMENTARIA E AVANCE DA LIQUIDACIÓN CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2026

O Sr. Alcalde le o título deste punto da orde do día. Non se producen intervencións. O informe dan Secretaría-Intervención á que se refire este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo quen a convocatoria da sesión á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

“INFORME DA INTERVENCIÓN SOBRE

O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DA LEI 2/2012 LOEOSF, DESENVOLVIDA POLA ORDE HAP/2105/2012, EXECUCIÓN ORZAMENTARIA E AVANCE DA LIQUIDACIÓN, CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2026.

I. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (en adiante RDL 2/2004).
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988.
- Orde EHA 3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante LOEOSF).
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante Orde HAP/2105/2012).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante Orde HAP/2082/2014).
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, que desenvolvía a Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria (en adiante RD 1463/2007).

II. ANTECEDENTES DE FEITO

A LOEOSF regula o principio de transparencia como base do funcionamento das Administracións Públicas, e para iso resulta clave a rendición de contas e o control da xestión pública para contribuír a xerar confianza no correcto funcionamento do sector público.

A importancia deste principio leva ao lexislador a establecer no artigo 6 da LOEPSF, a obriga das Administracións Públicas de subministrar toda a información necesaria para o cumprimento das disposicións da devandita Lei, e das normas e acordos que se adopten no seu desenvolvemento, e garantir a coherencia das normas e procedementos contables, así coma a integridade dos sistemas de recompilación e tratamento dos datos.

O desenvolvemento regulamentario ao que se refire o antedito artigo da LOEOSF, foi realizado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Orde HAP/2105/2012, e en concreto, as obrigas trimestrais de subministración de información, recóllense no seu artigo 16.

A Orde HAP/2082/2014 modificou a orde HAP/2105/2012, excluindo ás corporacións locais de poboación non superior a 5.000 habitantes do cumprimento das obrigas as que se refire o artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, no que se refire aos primeiros tres trimestres de cada ano, agás a información mencionada nos parágrafos 7 e 8 do indicado artigo 16, e dicir a actualización do plan de tesourería e o detalle das operacións de débeda viva, e a información relativa ao período medio de pago a provedores.

Os artigos 14 e 16 da Orde HAP/2105/2012, sobre obrigas mensuais e trimestrais de subministración de información das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2013, de conformidade coa disposición transitoria única da devandita orde; e a Orde HAP/2105/2012 entrou en vigor o 9 de novembro de 2014

O artigo 4 da Orde HAP 2105/2012, impón a centralización do cumprimento da obriga de remisión e recepción de información “*Nas Corporacións Locais, a intervención ou unidade que exerza as súas funcións.*”

Por tódolos feitos e fundamentos de dereito descritos emítase o seguinte

III. INFORME

PRIMEIRO.- Cumprimento da obriga de remisión de información

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

De conformidade co regulado no artigo 4 da LOEOSF, e o desenvolvemento dela realizado pola Orde HAP/2105/2012, e en concreto co contido dos seus artigos 4 e 16, esta Secretaría-intervención cumpriu coa súa obriga de subministración da información trimestral correspondente ao primeiro trimestre de 2026 o 23 de abril de 2026, en tempo e forma. Remitiuse a totalidade da información requirida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma telemática habilitada na “Oficina Virtual das Entidades Locais”, <https://serviciostelematicos.minhap.gob.es/Trimestrales/>.

O xustificante do envío realizado consta no expediente

SEGUNDO.- Xustificación do informe e do seu coñecemento polo Pleno.

Tras subministrar a información requirida, correspondente ao primeiro trimestre de 2026, esta Intervención, por aplicación do principio xeral do artigo 207 do RDL 2/2004, de acordo co artigo 16.2 do RD 1463/2007 e segundo os formularios, que dispoñen que o Pleno da Corporación deberá ter coñecemento do informe de avaliación, elabora o presente informe, que resume os cálculos, previsións e información subministradas, que serán oportunamente explicados con máis detalle de ser necesario, para dar conta del ao Pleno da Corporación.

O capítulo IV da LOEOSF regula as medidas preventivas, correctivas e coercitivas que o Goberno, a proposta do Ministerio, podería impoñer ás entidades locais cando se apreciase un risco de incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto ao peche do exercicio, e as limitacións orzamentarias futuras que iso xeraría.

Por todo isto, dáse traslado do presente informe á Alcaldía, para que proceda a súa elevación ao pleno da Corporación para o seu coñecemento e efectos oportunos.

.- Baseamento das estimacións realizadas.

Para calcular o axuste polo grao de execución do gasto, estímense os dereitos recoñecidos (RDs) e as obrigas liquidadas e recoñecidas (ADOs) a 31 de decembro de

2026 da seguinte maneira:

Para os ingresos, as estimacións de RDs dos capítulos (Cs) 1, 2, 3 e 4 son o resultado de incrementar nun 2% os RDs que estes mesmos Cs tiveron en 2025. No C 5, C 8 e C 9 non se prevén ingresos. No C 7, a previsión é de que, se executen e se perciban os ingresos do 100% das obras que están orzadas neste momento, é dicir, as que se inclúen e detallan no expediente de incorporación de remanentes de crédito núm.1/2026.

Canto aos gastos, os ADOs do C1 estímense aplicándolle aos ADOs de 2025 a porcentaxe de incremento salarial previsto para 2025 e 2026 máis os atrasos de 2025 aínda non abonados (2,5% +1,5%+2,5%). Os do C2, aplicándolle aos ADOs de 2025 un incremento do 2%, co límite do crédito deste capítulo. No C 3, a previsión é a mesma que no anterior, ao igual que no C4, se ben neste non se aplica incremento. No C 6, coma nos ingresos por transferencias de capital que os financian, a estimación é de que se executen e se recoñezan as obrigas correspondentes ao 100% dos investimentos previstos no orzamento prorrogado, 19.000,00€ máis as que se inclúen e



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

detallan no expediente de incorporación de remanentes de crédito núm. 1/2026. No C7 a estimación de ADOs é do mesmo importe que este tiveron no 2025.

O outro axuste para a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentarias ao remate do 2026, estímase unicamente pola media que o axuste polos pagamentos pendentes de aplicación tivo ao remate dos exercicios 2022 a 2024.

Canto a débeda financeira, o Concello tena toda concertada coa Deputación Provincial, polo que, ao estar en poder doutra Administración Pública, non se ten en conta para o cálculo segundo o Protocolo de Déficit Excesivo (Débeda PDE), e só para o cálculo a efectos de necesidade de autorización de endebedamento, e o seu importe ao remate do ano 2026 estímase en 441.787,25€, unha vez que se formalice a amortización do importe adicado a esta finalidade no POS+ Adicional 3/2026 para a redución de débeda. Non se consignan amortizacións por non corresponder de acordo cos cadros vixentes.

As cifras obtidas segundo o exposto, refírense ao correspondente exercicio corrente e cumpren co principio de estabilidade orzamentaria, no sentido de que non ofrecen déficit, con capacidade de financiamento, e co obxectivo de débeda, con aforro neto positivo e con cumprimento da porcentaxe de débeda viva sobre os ingresos correntes liquidados.

CUARTO.- Contido da información

A información correspondente ao primeiro trimestre do 2026, reflíctese nos formularios que deseñou a Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento das Entidades Locais para dar cumprimento á obriga de remisión de acordo co que sinala o artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, para concellos de menos de 5000 habitantes, e incorpórase cumprimentando os formularios correspondentes a través da Oficina Virtual.

Ditos formularios relaciónanse deseguido:

1. Comunicación trimestral de datos individualizados por Entidades

Datos orzamentarios

Calendario e orzamento de tesourería

Débeda viva e vencemento mensual previsto no próximo trimestre

Perfil do vencemento da débeda nos próximos 10 anos

3. Informe de Avaliación grupo Administracións Públicas

3.1 Validación datos informe avaliación

3.4 Informe do nivel de débeda viva ao final do período actualizado

4. Peche do informe de avaliación e sinatura

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O resumo da información e previsións subministradas, é o seguinte:

CONCEPTOS		Acumulado exercicio
Fondos líquidos ao inicio do exercicio		936.013,64
Cobros orzamentarios	Exercicio corrente	433.173,88
	Exercicios pechados	6.917,27
Cobros non orzamentarios		29.002,07
Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		0
Pagamentos orzamentarios	Exercicio corrente	484.317,32
	Exercicios pechados	16.416,82
Pagamentos non orzamentarios		36.199,24
Pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva		1.765,40
Fondos líquidos ao rematar o exercicio		866408,08

Débeda viva prevista final exercicio	
Débeda viva final período segundo o Protocolo de déficit excesivo (PDE) (que exclúe a que está en poder doutras administracións)	0,00
Para os efectos do réxime de autorizacións (inclúe con AAPP, Deputación...)	441.787,25

Resultado avaliación estabilidade orzamentaria ao remate de 2026	
Diferenza entre ingresos e gastos non financeiros	186.244,47
Axustes	-14.262,10
Previsión: Capacidade de financiamento	171.982,37

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

É o que, agás erro ou omisión involuntaria, ten que informar o funcionario que asina, no entanto, a Corporación, co seu superior criterio, acordará o que estime procedente.

Monfero, na data da sinatura dixital, A Secretaria-interventora acumulada”

Ana Ramos Ramos”

Os membros presentes TOMAN RAZÓN.

5. CREACIÓN, COMPOSICIÓN E RÉXIME DE SESIÓNS DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE OBRAS E MANTEMENTO.

O Sr. Alcalde da lectura íntegra da súa proposta con respecto a este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA EN FUNCIONS

ASUNTO.- CREACIÓN, COMPOSICIÓN E RÉXIME DE SESIÓNS DA COMISIÓN INFORMATIVAS ESPECIAL DE OBRAS E MANTEMENTO.

De conformidade có disposto no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local nos municipios de menos de 5.000 habitantes cando así o acorde o Pleno existirán órganos que teñan por obxecto o seguimento da xestión do Alcalde, a xunta de goberno local e os concelleiros que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno. Nestes órganos terán todos os grupos políticos integrantes da Corporación dereito a participar nos devanditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes aos mesmos.

Visto que a teor do regulado no artigo 68 da Lei de Administración Local de Galicia do 22 de xullo de 1.997, se poderá constituír Comisións de Estudio, Informe e Consulta, potestativamente nos concellos de menos de 5.000 habitantes, correspondendo ao Pleno a determinación do número e denominación das devanditas Comisións, as cales estarán integradas polos membros que designen os distintos grupos políticos que forman parte da Corporación. O número dos seus membros será proporcional á súa representatividade no Concello.

Visto que en virtude do establecido no artigo 212.1 da antedita Lei Autonómica, a periodicidade das sesións ordinarias das Comisións de Estudio, Informe e Consulta será determinada polo Pleno, nos días e horas que estableza o Alcalde ou o seu respectivo Presidente, segundo se sinala no artigo 134.1) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. O alcalde ou presidente da Comisión estará obrigado a convocar sesión extraordinaria cando o solicite a cuarta parte, a lo menos, dos membros da Comisión. A convocatoria corresponde ao Alcalde ou presidente da Comisión e será notificada aos membros da Comisión cunha antelación mínima de dous días hábiles, salvo nas urxentes. En todo caso se acompañará a orde do día.

Tendo en conta a moción aprobada polo Pleno da Corporación celebrada o día 21/11/2025 **PROPONSE:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

PRIMEIRO.- Crear a Comisión Informativa especial de obras e mantemento do concello de Monfero. Terá por finalidade dar conta aos membros da Comisión, e que no seo da mesma poidan facer o seguimento, das resolucións adoptadas polo goberno municipal mediante contratación externa ou medios propios e atinentes a actuacións de creación, rehabilitación ou mantemento de bens patrimoniais ou de dominio publico no concello de Monfero .

Estará composta de cinco membros, incluídos o Presidente, distribuídos do seguinte xeito entre os Grupos Políticos:

Dous membros do Grupo Político PSdeG-PSOE, dous do grupo político PP e un do Grupo Político BNG

SEGUNDO.- Logo das designacións dos distintos grupos políticos municipais a composición será a seguinte:

PSdeG-PSOE:

Titulares: Alberto Cortizas Rejo, José Grueiro Torrado

Suplentes: Ramón Grueiro Martínez

PP:

Titulares: María Belén Salido Maroño, José Tojeiro Mosquera

Suplentes: Ángel Filgueiras Grueiro, Ramón Blanco Filgueiras

BNG: Manuel García Deive.

Á sesión constitutiva da Comisión informativa asistirá, ademais, o Sr. alcalde, presidente nato de todas elas, ao obxecto de proceder a formular a proposta de delegación da presidencia efectiva das mesmas, no seu caso.

Atendendo ao previsto no artigo 135 do ROF: *La válida celebración de las sesiones requiere la presencia de la mayoría absoluta de los componentes de la Comisión, ya sean titulares o suplentes, en primera convocatoria y un mínimo de tres miembros en segunda convocatoria una hora más tarde.*

TERCEIRO.- Fixar a periodicidade das sesións ordinarias da Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno con carácter bimensual, cada dous meses, no día e hora que determine o Alcalde ou presidente da Comisión. Así mesmo, o alcalde ou presidente da Comisión estará obrigado a convocar sesión extraordinaria cando o solicite a cuarta parte, a lo menos, dos membros da Comisión. Permanecerá en funcionamento durante todo o mandato corporativo actual 2023-2027, dende a data da súa creación e primeira sesión constitutiva ata a finalización do mandato.

A convocatoria corresponde ao Alcalde ou presidente da Comisión e será notificada aos membros da Comisión cunha antelación mínima de dous días hábiles, salvo nas urxentes. En todo caso se acompañará a orde do día.

CUARTO.- Determinar que non se percibirán asistencias polos membros da Corporación que asistan a ela

O Alcalde en funcións,

D. Alberto Cortizas Rejo”

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A Sra. Secretaria en rexime de acumulación indica que hai que facer unha enmenda rectificativa no punto terceiro, xa que se transcribiu na proposta da alcaldía a referencia que tiñan na moción aprobada polo Pleno á comisión permanente, de modo que onde dí no punto terceiro da proposta transcrita á referencia á “Comisión informativa Permanente de Estudio” debe dicir “ Comisión Informativa especial de obras e mantemento do concello de Monfero

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención, non se produce, indica que a vai someter a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor da aprobación todos os asistentes. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que a proposta coa enmenda manifestada *in voce* é aprobada por UNANIMIDADE dos presentes.

6. APROBACIÓN DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) RELATIVA AO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 17 DE MAIO DE 2026

O Sr. Alcalde manifesta que se trata de adherirse á Declaración da FEGAMP á que se refire este punto da orde do día que se transcribe textualmente a continuación:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL FEGAMP DIA DAS LETRAS GALEGAS 17 MAIO 2026

A Federación Galega de Municipios y Provincias (FEGAMP) conmemora e celebra o Día das Letras Galegas este 17 de Maio de 2026 compartindo o recoñecemento público á Begoña Caamaño, xornalista e escritora, cunha vida e obra profundamente marcadas polo seu compromiso local, feminista e social.

A FEGAMP celebra dedicarlle o Día das Letras Galegas a unha persoa cunha clara influencia local, moi vinculada as súas dúas cidades vitais: Vigo e Santiago de Compostela.

Nada en Vigo en 1964, Begoña Caamaño comezou alí a súa traxectoria profesional como xornalista, deixando unha pegada indeleble desde os seus inicios en Radio Popular e Radio do Noroeste, ata a súa definitiva incorporación á Radio Galega en 1989.

Catro ano despois proseguíu o seu labor na Radio Galega xa dende Santiago de Compostela ata 2012, sendo unha gran defensora dos medios públicos galegos e do súa función de proporcionar á cidadanía información e contidos precisos para poder decidir con liberdade e responsabilidade. Defendeu unha información de calidade e condicións laborais xustas, sendo a presidenta do Comité Interempresas da CRTVG de 2000 a 2003.

Como escritora, Begoña Caamaño destacou polo seu innovador labor nas súas novelas, "Circe ou o pracer do azul" (2009) e "Morgana en Esmelle" (2012), que foron pioneiras na reinterpretación feminista dos mitos.

Coa súa homenaxe, Begoña Caamaño convértese na sétima muller á que se lle adica o Día das Letras Galegas, despois de Rosalía de Castro, Francisca Herrera Garrido, María Mariño, María Vitoria Moreno, Xela Arias e Luísa Villalta.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Na conmemoración do Día das Letras Galegas, a FEGAMP atende o seu obxectivo de promover a cultura e a lingua galega no marco das competencias que o ordenamento xurídico lles atribúe ás corporacións locais de Galicia.

Historicamente, o municipalismo galego tivo un protagonismo decisivo na reivindicación do galego e na defensa da súa extensión social, participando activamente, xa en democracia, na “Declaración do Hostal dos Reis Católicos”, subscrita en 1984, en Santiago de Compostela, por 184 alcaldías de todas as tendencias políticas e de todos os puntos da xeografía galega.

Defendían a implantación do galego nas administracións públicas en Galicia, tanto no seu uso, como no seu coñecemento para o acceso ao emprego público.

Na actualidade, a FEGAMP, da que forman parte todos os concellos galegos e as catro deputacións provinciais, segue a defender a vixencia e a extensión do galego e potenciando a súa presenza nas novas canles derivadas do desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e da comunicación.”

POR MIL PRIMAVERAS MÁIS PARA O GALEGO.”

Non se producen intervencións. O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase co resultado de que a adhesión á Declaración da FEGAMP con motivo do Día das letras galegas 17 maio 2026, á que se refire este punto da orde do día, é aprobada polo Pleno da Corporación co voto favorable de todos os seus membros asistentes á sesión e por tanto UNANIMIDADE dos presentes.

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE MONFERO PARA O INCREMENTO DA SUBVENCIÓN MUNICIPAL AO FÚTBOL CLUB MONFERO

O Sr. Alcalde en funcións le o punto da orde do día. A moción do Grupo Político Municipal do Partido Popular relativa ao Incremento da subvención municipal ao Fútbol Club Monfero, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión e que se da por lida, transcríbese textualmente a continuación:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE MONFERO PARA O INCREMENTO DA SUBVENCIÓN MUNICIPAL AO FÚTBOL CLUB MONFERO

O Grupo Municipal do Partido Popular de Monfero, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O FC Monfero vén de acadar un importante éxito deportivo ao proclamarse campión de liga e ademáis conseguir o ascenso a Segunda Futgal, un mérito que é froito do esforzo, compromiso e traballo constante de xogadores, corpo técnico, directiva e afección.

Nun momento no que resulta cada vez máis complicado manter con vida os clubs modestos do rural, o F.C. Monfero continúa desenvolvendo unha labor fundamental non só no ámbito deportivo, senón tamén social e representativo para o noso municipio. O club leva o nome de Monfero por dónde vai, contribuíndo à promoción e visibilidade do concello en cada desprazamento e competición.

Durante anos, o FC Monfero vén recibindo unha subvención municipal anual de 4.500 euros. Consideramos que, tras os éxitos acadados e tendo en conta o incremento dos custos que supón manter a actividade deportiva dun club destas características, é o momento de reforzar o apoio institucional ao equipo.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Monfero presenta para a súa aprobación os seguintes:

ACORDOS:

1. Incrementar a subvención municipal anual destinada ao FC Monfero, pasando dos actuais 4.500 euros a 6.500 euros anuais.
2. Instar ao Goberno municipal a incluír esta modificación nas correspondentes partidas orzamentarias municipais.

En Monfero, a 11 de Maio de 2026”

O Sr. Alcalde concédelle a palabra á D.^a María Belén Salido Maroño, Sra. Concelleira do Partido Popular.

A Sra. Concelleira indica, que se queren que a lee, pero que está claro o que piden, que debido aos éxitos deportivos do Fútbol Club Monfero, pois que se incremente a axuda municipal, xa que leva moito tempo estancada en 4.500 €, e que chegou o momento de incrementala, dado que agora ascenden a segunda e gañaron a liga, e cree que dende o Concello hai que facer un recoñecemento ao esforzo que está a facer o clube, que leva o nome do Concello por todos os campos a onde van, que o que piden e que se incremente en 2.000 € a subvención ao clube.

O Sr. Alcalde intervén indicando que eles van a estar de acordo, que de feito xa tiña un compromiso coa directiva polo cal se acadaban éxitos de adquirir unha nova equipación para o ano que ven, que xa poderán xustificar por este importe.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Non se producen máis intervencións. O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase co resultado de que a moción Grupo Municipal do Partido Popular relativa **ao Incremento da subvención municipal ao Fútbol Club Monfero**, á que se refire este punto da orde do día, é aprobada polo Pleno da Corporación co voto favorable de todos os seus membros asistentes á sesión, e por tanto UNANIMIDADE dos presentes.

8. DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE ABRIL DE 2026

O Sr. Alcalde pregunta se o teñen todos. Non se producen intervencións.

O extracto das resolucións da Alcaldía do mes de outubro que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria transcríbese literalmente deseguido:

EXTRACTO RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE ABRIL DE 2026

Nº DECRETO	ASUNTO	FECHA FIRMA
00131/2026	SOLICITUDE SUBVENCIÓN PAMPI	2026-04-06 18:25:00
00132/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-04-06 10:58:00
00133/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-04-06 10:59:00
00134/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-04-01 11:24:00
00135/2026	MODIFICACIÓN BASES EXECUCIÓN 01/2026	2026-04-07 01:12:00
00136/2026	ACTUALIZACIÓN DO MÓDULO DE FINANCIAMENTO DO SAF DEPENDENCIA	2026-04-07 12:16:00
00137/2026	LEVANTAMENTO REPAROS RELACIÓN FACTURAS 024XRRSE/2026	2026-04-07 14:36:00
00138/2026	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 08-04-2026 (10/2026)	2026-04-07 14:36:00
00139/2026	MODELO 111 1ºT/2026	2026-04-13 22:37:00
00140/2026	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA 17-04-2026 (06/2026)	2026-04-14 15:36:00
00141/2026	APROBACIÓN PERMISO PARA CONCORRER A PROBAS SELECTIVAS	2026-04-15 13:18:00
00142/2026	SOLICITUDE SUBVENCIÓN MEMORIA DEMOCRATICA DEPUTACIÓN 2026	2026-04-16 11:15:00
00143/2026	EXPDTE. M.C 04/2026 XC- FOPPSS	2026-04-17 12:47:00
00144/2026	SUBVENCIÓN INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS: MELLORA ILUMINACIÓN MOSTEIRO	2026-04-17 15:07:00
00145/2026	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA (11/2026)	2026-04-22 12:40:00
00146/2026	CONTRATACIÓN TÉCNICO DE TURISMO VERÁN SUBSTITUCIÓN	2026-04-23 12:09:00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

00147/2026	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL 2026	2026-04-23 10:41:00
00148/2026	CONCESIÓN DE PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES	2026-04-23 11:16:00
00149/2026	NÓMINAS 04/2026	2026-04-28 15:20:00
00150/2026	LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2025	2026-04-28 15:21:00
00151/2026	CONVENIO COLAB. ARANGA, IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR	2026-04-30 11:41:00
00152/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-04-30 13:59:00

Os membros presentes TOMAN RAZÓN.

9. ASUNTOS URXENTES

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que entende que non se produciu ningún asunto urxente e da paso ao punto seguinte.

10. ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

D.^a María Belén Salido Maroño indica que o seu grupo ten dúas cuestións. Preguntar cando se vai a pagar a subvención municipal á Asociación de Veciños de Vilachá, que está pendente a día de hoxe, e que lle trasladan que a necesitan urxentemente para facer alí certas cousas, e a que se debe o retraso e cando teñen pensado pagala.

Continua indicando que nun dos Plenos cree que de decembro, referido á casa do Canedo, había un informe de Patrimonio que estaba pendente e queren saber se xa está o “ok” de Patrimonio desa casa, porque isto ben a raíz de que varios veciños se puxeron en contacto con eles para comentarlles que están a ver certas obras alí que non lles encaixan moito ao carón da igrexa, que lles comentaban que a eles para cambiar unhas xanelas ao carón da igrexa Patrimonio lles pon moitas pegas, e despois que na rehabilitación da casa se faga dun xeito como que non lles encaixaba, entón queren saber se hai ese informe de Patrimonio onde todo iso está permitido, porque o que máis lles sorprende foi a fachada, que está recibada e caleada, que iso foi o que máis lles chamou a atención. Continua indicando que ela recopilou ese Pleno de finais de ano no que lles indicou que faltaba o informe de Patrimonio por unha bomba de calor que se quere poñer alí fora para o aire acondicionado, que está recollido na acta dese Pleno, pero que ao longo da obra, se pode obter igual o informe técnico que falta e que ampare a obra, e que a súa pregunta vai relacionada co informe de Patrimonio e que non traen nada máis.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis.

Intervén D. Manuel García Deive, Concelleiro do BNG, preguntando polo peche do Abeledo por se o mesmo se atopa cumprindo a legalidade, o Sr. Alcalde en funcións pregunta se é o do Campo de



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Abeledo, o Sr. Concelleiro do BNG indícalle que non, que o de Abeledo, o peche que vai para finca de Losan, porque hai un camiño que está cerrado case un quilómetro ou máis, antes da casa e pregunta se está na legalidade estar así. O Sr. Alcalde en funcións indícalle que non o sabe, que ten que consultar, que non sabe se é camiño público ou de servidume, que se é de servidume si,

O Sr. Alcalde en funcións continua indicando que con respecto á pregunta de D.^a Belén Salido sobre a Asociación de Veciños, xa xustificaron que falta o informe do arquitecto e se lles aboará canto antes, que ten constancia de que está xustificado e que ten que ir o Arquitecto comprobar que están as obras feitas, que lle consta que si que están, e falta o informe técnico para incorporar ao expediente.

Continua en relación á casa do Canedo, aínda non recibiron o “ok” de Patrimonio, pero no relativo á fachada cree que non ten nada que ver, que viña pola bomba de calor, por temas de madeira, a varanda que leva no balcón, que había que restaurala, a cheminea e non recorda máis, pero que no tema da fachada non se meteron.

D.^a María Belén Salido comenta que se a fachada deixaban recibala.

O Sr. Alcalde en funcións dille que de feito abaixo, que queda como máis pequeno, alí hai unha parede que parece que estraga o espazo, pero que non foi posible derrubala porque era unha parede que xa tiña a casa e patrimonio non deixou, que hai unhas correccións que facer e aínda teñen que ter o “ok” pero con respecto á fachada non lles indican nada.

A Sra. Concelleira do Partido Popular comenta que ela estivo ollando o proxecto e que alí aparece que se conservará a fachada principal e que manterá no seu estado actual e repararanse os elementos que se atopen deteriorados.

O Sr. Alcalde en funcións dille que habería que falar co director de obra, que foi o que fixo o proxecto, pero que a el non lle soa iso da fachada.

Intervén D. José Grueiro Torrado, Concelleiro do PSOE, indicando que revestida, que rexuntada quedaba preciosa pero hai que adaptarse ao proxecto.

O Sr. Concelleiro do Partido Popular D. José Tojeiro Mosquera di que no proxecto ven rexuntado, D. José Grueiro di que no proxecto ven rexuntado porque o cambiaron, D.^a María Belén Salido indica que no proxecto foi o que viu, D. José Grueiro dille que estaba moito máis bonita e as madeiras e non tapando todo.

A Sra. Concelleira indica que entende que o Técnico Municipal está levando un control da obra, o Sr. Alcalde en funcións respóndelle que non, que é o director da obra, que non é o Técnico Municipal.

Continua a Sra. Concelleira do Partido Popular comentando que polo que puido ver, porque non daba localizado o proxecto e o mirou na páxina de contratación do estado que pon iso, que se conservará a fachada tal e como está de pedra, O Sr. Alcalde en funcións indícalle que o consultará, que do resto si, a madeira, a varanda a cheminea... que o consultarán,



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis, non se producen máis intervencións e, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás dezanove horas e dezanove minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria en réxime de acumulación, certifícoo.

O Alcalde en funcións

D. Alberto Cortizas Rejo

A Secretaria en réxime de acumulación

D.^a Ana Ramos Ramos